



1. MEMORIA DE ALCALDÍA DE XUSTIFICACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, entende necesario que se tramite un contrato de execución do SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E ROZA DE PISTAS MUNICIPAIS, mediante tramitación aberta simplificada do expediente, utilizando o procedemento aberto e tendo en conta varios criterios de adxudicación.

Atendido a que, de conformidade co disposto no citado artigo 28 da citada norma, queda acreditada no expediente administrativo a insuficiencia de medios humanos propios para facer fronte ás necesidades que motivaron a licitación do devandito contrato.

Vistos os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación, no que se detallan os aspectos técnicos do mesmo, así como a viabilidade da devandita actuación.

Vista a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 453.22799 do Orzamento Xeral municipal do ano 2018 por importe de 61.256,25 euros, que supón o importe do contrato a tramitar.

Considerando o previsto nos artigos 308 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

Considerando o previsto nos artigos 116, 122 e 156 a 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

Por todo o exposto, XUSTIFÍCASE A IDONEIDADE E NECESIDADE DESTE CONTRATO e en base a esta xustificación

RESOLVO

PRIMEIRO.- Que por parte do Departamento Xurídico deste Concello procedase á elaboración dos correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, de conformidade co previsto no artigo 122 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

SEGUNDO.- Que por parte da Secretaría municipal procedase a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto en apartado 8 da Disposición Adicional Terceira de Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-(EDL 2017/226876).

TERCEIRO.- Que por parte da Intervención deste Concello procedase á fiscalización do contido dos devanditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, para os efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-(EDL 2017/226876).

En O Pino, a 13 de abril de 2018.

O ALCALDE,

Manuel Taboada Vigo

